



PLAN DE IGUALDADE

2019-2020

1- Introducción

2- Contextualización normativa e do centro:

2-1 Nome do centro

2-2 Situación xeográfica

3- Comunidade Educativa

4- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia

5- Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

5-1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

5-2 Prevención, detención e intervención en casos de violencia de xénero

5-3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo sexual

5-4 Prevención, detención e intervención en casos de LGBTIfobia

6- Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

6-1 Organización do centro

6-2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

6-3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

7- Seguimento e avaliación

1- Introducción

“Para superar as desigualdades, o que temos que facer, é velas primeiro”

A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.

A lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirva para superar os comportamentos sexistas.

O artigo 1 desta Lei, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Toda persoa é clasificada no momento do nacemento como home ou muller o cal, nas persoas transexuais, xera un conflito ao estar clasificadas dentro dun sexo que non perciben como propio.

Algúns termos de interese a este respecto son:

- Expresión de xénero: formas de manifestar o xénero dunha persoa, que se manifesta nas maneiras de falar, mostrarse ante outras persoas, vestirse, a elección de xoguetes ou as actividades que prefire.
- Identidade de xénero: é o sentimento íntimo de identificación, como home ou muller, independentemente dos xenitais ou a dotación cromosómica que a persoa posúa.
- Identidade rexistral: é a que se fai no momento do nacemento.
- Transexualidade (Trans*): é a situación na que se atopan as persoas cuxa identidade rexistral non coincide coa súa identidade de xénero.
- Cissexualidade: é a situación na que se atopan as persoas nas que as súas identidades, rexistral e de xénero, son coincidentes.
- Orientación sexual: é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara a outras persoas.

É importante destacar que a condición de persoa transexual non é deliberada ou caprichosa. Tampouco é un trastorno mental nin do comportamento. É unha condición coa que se nace, que pode manifestarse a partir dos dous anos e medio, pola que o sexo sentido ou psicolóxico, que é o que realmente determina a identidade, non coincide co fisiolóxico ou aparente.

2- Contextualización normativa e do centro

2-1 Nome do Centro: I.E.S Terra de Soneira

2-2 Situación xeográfica.

O IES Terra de Soneira atópase no Concello de Vimianzo, (A Coruña), é un concello de pouco máis de 8.000 habitantes, dos cales, 3925 son homes e 4114 son mulleres, segundo datos do Padrón Municipal do I.N.E.

O centro, adoita o nome da bisbarra da Terra de Soneira, onde se atopa o propio centro e a localidade de Vimianzo.

O Concello limita cos concellos de Muxía, Zas, Laxe, Camariñas, Dumbría e Mazaricos.

O Centro é o único de secundaria obrigatoria (ESO) e postobrigatoria (Bacharelato) do Concello, e a el, acode o alumnado de Primaria, procedente de dous CEIPs adscritos, o CEIP San Vincenzo e o CEIP Baíñas. Así como o alumnado do IES Pedra da Aguia de Camariñas para cursar Bacharelato.

As outras ensinanzas que oferta o no noso centro son: o Ciclo Medio de Xestión Administrativa e o Ciclo Superior Administración e Finanzas.

Alumnas e alumnos comparten os mesmos espazos educativos e uns currículos deseñados desde unha perspectiva de xénero.

3- Comunidade Educativa

No presente curso académico 2019-2020, o **claustrro** está formado por un total de 17 profesores e 26 profesoras (43 docentes).

O equipo directivo está formado por dúas mulleres e dous homes.

Alumnado:

1º ESO A : 6 alumnas e 14 alumnos (20)

1º ESO B: 12 alumnas e 10 alumnos (22)

2º ESO A: 6 alumnas e 16 alumnos (22)

2º ESO B: 15 alumnas e 8 alumnos (23)

3º ESO A: 11 alumnas e 9 alumnos (20)

3º ESO B: 12 alumnas e 8 alumnos (20)

4º ESO A: 3 alumnas e 13 alumnos (16)

4º ESO B: 12 alumnas e 6 alumnos (18)

1º Bacharelato A: 10 alumnas e 11 alumnos (21)

1º Bacharelato B: 14 alumnas e 14 alumnos (28)

2º Bacharelato A: 6 alumnas e 11 alumnos (17)

2º Bacharelato B: 16 alumnas e 6 alumnos (22)

Ciclo Medio de Xestión Administrativa:

- 1º:XEAD-A: 9 alumnas e 2 alumnos (11)

- 2º XEAD-A: 2 alumnas (2)

- 2º XEAD-F: 1 alumna (1)

Ciclo Superior de Administración e Finanzas:

- 1 ADMFIN-A: 13 alumnas e 5 alumnos (18)

- 2 ADMFIN-A: 3 alumnas e 2 alumnos (5)

- 2 ADMFIN-F: 1 alumno

Persoal Non Docente

Limpeza: 3 mulleres

Administrativo: 1 muller

Subalternos: 2 homes

4- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia

LGBTI, son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

Os centros educativos teñen un papel fundamental á hora de xerar relacións máis xustas e equilibradas entre os sexos.

As alumnas e alumnos do noso centro, localizado nunha contorna rural, aínda constrúen a súa identidade seguindo os estereotipos de xénero maioritariamente, é algo do que non poden escapar, xa que hoxe en día os medios de comunicación seguen utilizando a imaxe da muller e do home con moitísimas connotacións sexuais.

Respecto ao tema da violencia de xénero, recentemente (ano 2019), a nai dunha alumna, sufriu unha agresión gravísima por parte da súa ex-parella, correndo perigo a súa vida (recibiu cinco apuñalamentos no pescozo á porta do seu traballo).

No centro, temos constancia do maltrato que sufriu a nai dun alumno, tendo a nai a custodia do rapaz e unha orde de distanciamento da súa ex-parella.

Non hai constancia de mais casos similares.

No noso centro, non hai denuncias de alumnas e alumnos por ser rexeitadas/os ou acosadas/os pola súa sexualidade, nin alumnos con acoso escolar. Non se abriu ningún expediente por este motivo.

Non hai no centro, ningunha/o alumna/o transexual.

Por outra banda, no noso centro non usamos unha linguaxe sexista a nivel escrito na comunicación coas familias, avisos, actas de claustros e reunións, etc. Ademais, axustámonos ao Nivel Básico e conmemoramos as celebracións do 25 de novembro e 8 de marzo, dándolle tamén unha perspectiva de xénero a outras actividades desenvolvidas no calendario escolar.

En tódolos documentos oficiais do Centro, aparece a educación en igualdade como obxectivo, incluído o PEC, por suposto. A continuación, mencionamos os **obxectivos xerais do noso PEC:**

- a) Superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades.
- b) Aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo. Evitar a valoración das linguas e as culturas, unicamente por criterios tales como o número de falantes, o poder económico e político asociados, etc.
- c) Asegurar a igualdade efectiva na educación como eixo vertebrador da organización e funcionamento do Centro.
- d) Consegui que as relacións na comunidade educativa (co entorno, entre as persoas, coas familias, co medio xeral...), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables.
- e) Fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa na xestión, desenvolvemento de actividades e funcionamento do Centro.
- f) Superar a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado, presentando ao Centro como un medio para mellorar a súa calidade de vida.
- g) Superar os estereotipos sexistas e promover a igualdade de oportunidades.
- h) Carácter aconfesional como centro público que é.
- i) Facilitar unha formación que lles permita incorporarse a unha sociedade de dereito.
- j) Propiciar o bo uso das TIC, como unha ferramenta útil para a obtención de información, seleccionando a relevante e importante daquela, que non aporta utilidade.

5- Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

1. Facer presente dito Plan para toda a Comunidade Escolar (alumnado, profesorado, familias, etc.). Integración da perspectiva de xénero no Plan de Centro incidindo no Plan de Orientación e de Acción Titorial.
2. Concienciar á Comunidade Escolar, e en especial ao alumnado, da necesidade dunha igualdade efectiva entre homes e mulleres.
3. Conseguir una implicación persoal e comprometida de toda a Comunidade Educativa, informando e ofrecendo material a quen lle interese.
4. Contribuír á erradicación da Violencia de Xénero. Facer visibles e corrixir os casos de discriminación de xénero, conductas sexistas e as inxustizas derivadas que se poidan dar no centro.
5. Estimular procesos de reflexión no centro educativo encamiñados a desvelar as desigualdades existentes entre homes e mulleres.
6. Establecer prácticas educativas correctoras de estereotipos.
7. Fomentar o cambio das relacións de xénero formando ao alumnado na autonomía persoal.
8. Favorecer as relacións de amizade, de cooperación entre iguais, evitando exclusións, competitividade ou rivalidade.
9. Fomentar a autoestima e orientar na formación dun proxecto de vida sen estereotipos.
10. Aprender a valorar o traballo desenvolvido por mulleres do noso tempo ou anteriores ao mesmo, así como o das nosas nais.
- 11- Realizar actividades sensibilizadoras relacionadas coas celebracións do proxecto: 25 de Novembro, 8 de Marzo e 28 de Maio.
- 12- Incentivar a práctica do deporte en Igualdade no centro. Promover a creación de equipos femininos e o desenvolvemento de xogos e actividades deportivas mixtas. Traballarase en coordinación co departamento de Educación Física.

5-1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Na actualidade, os centros educativos contamos co compromiso das administracións educativas que outorgan valiosas ferramentas para traballar pola consecución dunha igualdade efectiva no ámbito educativo.

A comunidade educativa, traballará a favor da igualdade de oportunidades como un obxectivo educativo. Polo xeral, a maioría das persoas considera que o sexismo foi erradicado das aulas e que os centros escolares son igualitarios, pola contra, aínda que nenos e nenas comparten espazos e currículo, as rapazas adoitan obter mellores resultados ca os rapaces.

Será necesario levar a cabo un primeiro labor de sensibilización, que consiga construír un consenso previo e que sexa capaz de facer ver que o sexismo segue presente na realidade escolar baixo sutís formas de discriminación. Neste primeiro nivel, pode recorrerse a charlas de persoas especialistas na materia, artigos e bibliografía sobre o tema, vídeos ou mesmo a presentación doutras experiencias de centros que levaron a cabo iniciativas similares.

5-2 Prevención, detención e intervención en casos de violencia de xénero

As distintas actuacións do plan serán desenvoltas ao longo do curso, ampliándoas no posible con outras que vaian xurdindo, porén algunhas delas terán unha data concreta segundo a súa conmemoración. Concretamente con referencia ao tema da violencia de xénero, as actividades desenvolvidas polo **Departamento de Orientación** en colaboración cos titores/as van encamiñadas dende hai anos a previr e intervir nos casos de violencia de xénero, sendo estas as seguintes:

- 25 de Novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Charla da Cruz Vermella. Participación na actividade de concentración pola repulsa dos actos machistas na praza do Concello de Vimianzo o luns 25 de novembro de 2019 ás 12h.
- Aplicación dalgún cuestionario sobre violencia de xénero para coñecer as ideas reais e estereotipadas do noso alumnado respecto desta temática.
- Visionado dalgunha película e/ou de spots relacionados coa temática da violencia de xénero nas horas de titoría e posterior debate e reflexión sobre os factores de risco ante o maltrato como poden ser o sexismo interiorizado ou os mitos do amor romántico e os factores de protección como poden ser a información e a concienciación do maltrato machista.

- Fomento e análise crítico das novas masculinidades a través da visión de campañas publicitarias (por ex. A de *Gillette* para o cal se dispón de materiais facilitados pola propia marca).
- Charlas da Garda Civil dentro do Plan Director para a Convivencia e a Mellora nos Centros Escolares, dirixidas a toda a ESO: prevención de consumos aditivos, prevención da violencia de xénero, do acoso escolar, dos riscos de internet, etc.
- Concentración no Concello como repulsa do crime de Valga o 17 de setembro de 2019.
- Charla: “Medrando en Igualdade” impartida pola Fundación Amigos de Galicia sobre a construción da igualdade de xénero libre de estereotipos dirixida ao alumnado de 3º e 4º ESO.

Departamento de Lingua Castelá

- Clube de libro baixo o lema da Igualdade (contribución desde un punto de vista literario, artístico, filosófico ou histórico de cuestións relacionadas coa visibilización das mulleres, do seu rol na sociedade e /ou representación das mulleres ao longo da historia.
- Proxecto Premio pola Igualdade Carmen López Cortón 2019.

Departamento de Música

- Participación nas actividades do Concello de Vimianzo o 25 de novembro, celebración do día contra a violencia de xénero.
- Celebración do Día da Paz
- Análise das letras de cancións sexistas
- Análise do papel da muller na publicidade
- Mulleres compositoras ao longo da historia da música

No Plan de Igualdade do Centro, incluíranse, actividades doutros departamentos nos vindeiros cursos.

5-3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo sexual.

As desigualdades da muller e das minorías sexuais deben e poden ser traballadas nos centros educativos, como axentes primarios de socialización, para cambiar as actitudes e os modos de comportamento das novas xeracións

En España a partir da derogación da Lei 77/1978 de Perigosidade e Rehabilitación social que incluía ás minorías sexuais como suxeitos sospeitosos, a situación legal foi mellorando progresivamente na mesma dirección doutros países desenvolvidos. Sen embargo, aínda perduran estereotipos que dificultan a convivencia e o respecto. O sistema educativo non aborda a cuestión homosexual dunha forma natural. Perpetúanse os tabús e constátase a pervivencia do acoso homofóbico (*Alonso Elizo, 2002; Federación Estatal de Lesbianas, Homosexuais Transexuais e Bisexuais [FELGTB], 2012*).

En materia de diversidade afectivo-sexual, as accións son escasas; estudos recentes demostran que, a pesar de que a predisposición da xuventude, no que se refire á homosexualidade cambiou, mais segue habendo manifestacións de homofobia e situacións de discriminación que no son reconducidas adecuadamente nos centros de ensinanza.

Sexa como fose, non cabe dúbida da importancia e interese educativo que ten o feito de que dende a escola, co apoio da familia, se traballe en aras de lograr maiores cotas de desenvolvemento moral no alumnado co fin de previr e paliar situacións de desigualdade por razón de xénero ou orientación sexual, producidas tanto na contorna escolar como nos diferentes ámbitos da sociedade.

O feito moral é de vital importancia dado que os individuos que viven en sociedade teñen intereses que poden non coincidir cos doutros individuos. Na adolescencia, prodúcese un desaxuste entre os valores transmitidos ao longo da infancia (*racionalidade simplista*) e os valores que lles rodean.

Tampouco debemos pasar por alto que as relacións entre adolescentes constrúen e reconstrúen regras e significados. A mocidade trasladan as relacións cotiás, as divisións sociais ou xerarquías do sexo, provenientes da socialización familiar, nun primeiro momento, e dende a escola, despois. Así, os estereotipos que reproducen sobre as mulleres e o colectivo Lesbianas, Homosexuais, Transexuais e Bisexuais [LGTB] coinciden con os do ideario colectivo. Ditos estereotipos teñen unha orixe histórica remota, pero apenas varían co tempo. A miúdo teñen dúbidas sobre os conceptos homosexualidade, intersexualidade ou xénero.

A hora de planear unha formación dirixida a promover a igualdade, pensamos que o seu tratamento debe encuadrarse necesariamente dentro da educación moral, cuxo obxectivo non é outro que o de educar persoas autónomas e dialogantes.

Para facer o Plan de Igualdade do centro será necesario adaptar tanto o Proxecto Educativo do Centro, o Plan de Acción Titorial, como os demais documentos programáticos de carácter curricular e os propios do centro, articulando desta maneira, un sistema de programas integrados. Xeralmente ditos documentos recollen a loitan contra calquera tipo de discriminación e expoñen na súas formulacións, a atención á diversidade, dunha forma xenérica ou centrada no alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Entre os fins da educación, inclúese a equidade que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa, e a non discriminación. O sistema educativo debe actuar como compensador de desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.

Derivado do anterior, as características asociadas ao afectivo-sexual deben incluírse de forma máis explícita así como a loita contra os estereotipos sexistas. Por exemplo, no caso da discriminación feminina, aparecen algunhas alusións aos rumbos de xénero na elección de itinerarios profesionais. Sen embargo, non se presta atención a elo e, salvo contadas excepcións, non se intervén dunha forma activa, po lo que as eleccións actualmente seguen estando claramente marcadas baixo patróns sexistas desigualdades personales, culturais, económicas y sociales.

Aprender a vivir xuntos e aprender a vivir cós demais supón promover o recoñecemento da diferenza na igualdade e a cooperación mediante a participación en proxectos comunitarios; ***Aprender a ser***, a formación de pensamento autónomo e crítico. Do mesmo xeito, a partir da Reforma educativa iniciada coa promulgación da [LOGSE] (1990), introducíronse nos plans de orientación e titoría, ambos pilares na formación transversal e integral do alumnado.

Axentes implicados

A Escola

Dende o feminismo, promulgouse sempre por unha educación democrática que lograrse que todos os nenos e nenas, accedesen nas condicións de igualdade aos atributos culturais *masculinos* e *femininos*. Por este motivo, a coeducación como principio pedagóxico debe superar a escola mixta para converterse nun lugar de transformación social de roles e estereotipos sexistas. Por iso, é fundamental que

tanto o profesorado como as familias teñan a oportunidade e dispoñibilidade para reflexionar sobre as manifestacións de discriminación por razón de xénero ou orientación sexual, presentes na vida cotiá , así como na busca de innovacións pedagóxicas capaces de transformar ou erradicar ditas manifestacións.

Dado o carácter sociocultural do sexismo na nosa sociedade, non é posible planear unha proposta programática nun centro escolar sen contar con a complicidade e participación dos tres axentes básicos: **escola-familia-comunidade** para a súas resolucións. Ademais de centrar os obxectivos e accións formativas de dicha proposta aos destinatarios principais da mesma, isto é, o alumnado, é necesario ter en conta a outros destinatarios da mesma, tales como o profesorado, o persoal administrativo, as familias ou a Administración educativa.

Profesorado

O profesorado é un axente básico implicado no desenvolvemento da coeducación na escola. Exerce una notable influencia sobre o alumnado dado o bagaxe sociocultural e profesional, sobre as relacións implícitas e explícitas entre os sexos e o comportamento académico que cada un posúe.

O tratamento sexista exercido polo profesorado sobre o alumnado, tanto de forma implícita, a través dos estereotipos presentes no chamado “currículo oculto”, como de forma explícita, debe abordarse dende un enfoque preventivo, baseado en dous principios:

- a) Cada individuo é único e a escola debe atender á individualidade das necesidades específicas do alumnado.
- b) A institución escolar prestará unha atención indiscriminada ao alumnado a fin de garantir a liberdade de elección na toma de decisións. Para logralo, debese contar cunha formación do profesorado que incorpore en todas as súas etapas, inicial e continua, uns contidos que promovan a igualdade como elementos básicos para a loita contra a discriminación e estereotipos sexuais. Aínda que se deran pasos neste sentido, continúa sendo un reto para o noso sistema educativo

As familias

Non hai dúbida da importancia e influxo que exerce a familia como axente socializador primario na formación de valores dos seus fillos e fillas, así como na construción da identidade de xénero, sobre todo nas primeiras etapas da vida. A esfera privada é, tamén, unha fonte de produción e reprodución de prexuízos e discriminacións de xénero marcadas polo coñecemento doméstico, o que na práctica educativa perpetúa a distribución dos papeis

Por outra banda, o maior problema que adolescentes homosexuais poden atopar, é a incompreensión das súas familias, xeralmente froito do descoñecemento. Dende o centro educativo, débese facilitar o proceso de aceptación non so para o alumnado se non para os seus familiares posto que son os tabús os que impiden aceptar dunha forma natural unha realidade. Ao mesmo tempo, estaremos atendendo ás demandas das familias que o aceptan con naturalidade pero que temen que o centro educativo se converta nun medio hostil. Por iso, é necesaria a colaboración entre sendas instancias educativas, as cales representan as esferas privada e pública de desenvolvemento moral. É crucial para o traballo efectivo da coeducación no ámbito escolar. Para conseguilo é necesario que as familias se vexan implicadas na vida do centro, por iso é necesario, que participen nas actividades. E dado que os estereotipos están máis arraigados en adultos, é crucial, ao igual que ocurría no caso do profesorado, desenvolver unha labor previa de sensibilización para que non se sintan a marxe o desconfíen das actividades que se realizan na contorna escolar.

Realizaranse cando menos as seguintes charlas e obradoiros:

- Charla de prevención do acoso escolar .
- Charla de prevención VIH/SIDA.
- Obradoiro de educación afectivo-sexual.
- Charla dinámica sobre diversidade afectivo-sexual.

5-4 Prevención, detención e intervención en casos de LGBTIfobia.

Co noso Plan, pretendemos:

-Rexeitar de xeito inequívoco a discriminación pola orientación sexual ou a identidade de xénero, por exemplo a través dunha campaña de sensibilización.

-Incluír a educación afectivo-sexual no currículo, abordando a diversidade sexual como algo natural.

- Dotar a biblioteca de materiais específicos sobre diversidade sexual (libros, cd-rom, dvd's, etc.), que sirvan de recursos para toda a comunidade educativa.
- Facilitar formación ao profesorado e ás familias en temas relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero.
- Erradicar dende o centro educativo e as aulas todo tipo de comentarios, insultos e bromas de contido homófobo, favorecendo comportamentos e actitudes de respecto, de solidariedade e de tolerancia entre o alumnado.
- Identificar estereotipos culturais sobre orientación sexual a través de traballos de aula.
- Realizar algún recorrido histórico das opresións homófobas.
- Dispor de información sobre a realidade LGTBI (recursos, materiais, enlaces, asociacións, etc.).
- Establecer comunicación e colaboración con algunha asociación LGTBI para desenvolver actividades de sensibilización no centro.

A nosa proposta educativa abarca tres planos: **sentir, pensar e actuar**. Buscarase unha investigación próxima á práctica diaria, co profesorado, o alumnado e as familias como protagonistas da acción e do cambio educativo.

A nivel metodolóxico, propoñemos tres eixos fundamentais de traballo a través dos cales, organizaranse as actividades:

- a) formación teórico-histórica;
- b) organización de grupos de debate entre o persoal docente, familias e persoal de administración e servizos.
- c) investigación do alumnado, participación en diversas actividades e posta en común dos traballos ante a comunidade educativa.

Bloque de actividades I

Exposicións e debates

A finalidade deste primeiro bloque, sería formar ao persoal do centro educativo, especialmente ao profesorado, e as familias para que se sensibilicen sobre o problema da discriminación. Recordemos que entre as funcións do profesorado, está a atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do

alumnado así como a orientación ás familias para súa cooperación no mesmo e a investigación, experimentación e mellora continua dos procesos de ensino.

Dende o Departamento de Orientación, organizarase actividades relacionadas coa discriminación homofóbica a través da intervención dalgún especialista na materia (asociacións LGTBI, Fundación Amigos de Galicia, etc.). Os temas a abordar poderían organizarse en torno aos bloques de contidos mencionados a continuación, sendo preferible que estes contidos se impliquen nas ensinanzas das diferentes materias do ensino secundario:

- Análise socio-histórico da discriminación.
- A situación das mulleres na actualidade
- Análise da discriminación no século XXI.
- A situación das minorías sexuais na actualidade
- Violación dos dereitos do colectivo LGTB.

Unha posible distribución podería ser a seguinte:

- A historia da discriminación das mulleres nunha primeira conferencia.
- As minorías sexuais nunha segunda, relacionándoo cos estereotipos e tabús actuais.
- A problemática das mulleres na actualidade na terceira exposición, contando, por exemplo, coa participación de integrantes do Instituto da Muller.
- Análise da situación do colectivo LGTB no noso país e no mundo, así como a promoción da igualdade e a diversidade afectivo-sexual.

O esforzo para que a acollida sexa importante é un paso previo, sendo fundamental a asistencia do profesorado titor, dos membros do equipo directivo, da orientadora e do persoal da administración e servizos que desempeña unha labor fundamental nos centros educativos e normalmente han de resolver conflitos entre adolescentes.

Os recursos poden ser variados:

Documentais:

Historia de los derechos de la mujer (Instituto de la Mujer en La Baja California, 2008)

Histórica lucha por los derechos humanos (Televisión pública de Argentina, 2010).

Para a avaliación desta actividade, aplicaríanse rexistros de observación sistemática.

Bloque de actividades II

Charlas en horario de tutoría, integración curricular e interdisciplinaria e outras propostas.

A finalidade deste bloque sería transmitir ao alumnado ideas básicas sobre os bloques de contidos xa expostos e dotalos de instrumentos para que levasen a cabo sinxelos traballos de investigación. Tanto en horas de tutoría como en aquelas clases incorporadas ao proxecto, poderíanse poñer en marcha xogos de representación, breves exposicións e grupos de opinión co obxectivo de transmitir ideas básicas sobre os bloques de contidos ao grupo adolescente. A metodoloxía debe adaptarse ás materias desde as que se aborden os contidos. O profesorado, unha vez teña participado na primeira actividade, disporía de ferramentas para poñelo en funcionamento. En cada materia programaríanse actividades específicas cun obxectivo común. Unha metodoloxía activa e participativa, propiciando unha mellor resposta ao alumnado.

Os exercicios poderían aplicarse aos diferentes niveis, sendo necesario que cada docente os adapte ao grupo. Atopamos algunhas pautas na páxina de educación en valores (Federación de Traballadores do Ensino [FETE], 2012) e tamén na do Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa [CIDE], 2012, ademais convén facer, referencia as interesantes propostas para traballar a diversidade afectivo-sexual no traballo de Alonso Elizo (2002).

A avaliación valoraría o grao de consecución dos obxectivos (rexistros de observación, probas orais escritas). O proceso poderíase realizar ao final das actividades. Aparte das referencias anteriores, poden ser de interese os materiais xerados nas diferentes convocatorias dos Premios Irene (Instituto de Formación Investigación e Innovación Educativa, 2011) e os propostos polas organizacións de dereitos das persoas LGTB como o colectivo de Madrid que na sección de educación da súa web inclúe unha serie de materiais para diferentes niveis formativos (Colectivo de Lesbianas, Gays, Transexuales y Bisexuales de Madrid [COGAM], 2012

Bloque de actividades III

Formación de grupos de investigación nas clases e dilemas morales

Con a seguinte actividade pretenderíase que, desde unha perspectiva construtivista, o alumnado a través da súa propia investigación fose consciente da discriminación que aínda persiste na sociedade e a súa capacidade para loitar contra ela. O profesorado participante encargarase de formar grupos en colaboración coa orientadora. Cada un de eles elixiría un tema entre os seguintes ou outros similares: situación socio-laboral e persoal das mulleres e as minorías sexuais en España e no mundo, diferentes organizacións de defensa destes colectivos, informes e noticias de casos de discriminación (Amnistía Internacional, Periodismo Humano...), e desenvolvería unha sinxela investigación que podería consistir na realización de informes a través de análises de materiais educativos, vídeos, noticias nos medios de comunicación, páxinas de Internet, biografías de personaxes célebres do mundo da ciencia, incluso poderíase planear a composición de relatos curtos, historias representadas nunha obra de teatro, entrevistas, concursos de preguntas, etc. Na clase sería convinte propoñer dilemas morais en torno ás cuestións específicas sobre as que os grupos estean traballando desenvolvendo, desta forma, o seu xuízo moral.

Poderían utilizarse, entre outros, os seguintes:

Mujeres en el mundo laboral emitido por canal Sur (Congreso Mujer, Familia y Trabajo, 2010).

Romper el techo de cristal en la investigación y la ciencia (Televisión Española, 2010).

Acaba con las diferencias salariales entre mujeres y hombres (Comisión Europea de Justicia, 2012)

Mujeres en el Tercer Mundo (Universidad Politécnica de Madrid, 2011).

Bloque de actividades VI

Posta en común ante a comunidade educativa

Ao longo dos meses de abril e maio, deberíanse planificar as postas en común a modo de exposicións dos grupos de traballo ante o colectivo educativo do Centro no que se desenvolveu a experiencia (familias, alumnado alleo ao proxecto, profesorado, pais e nais, persoal do centro educativo) para así dar carácter de unidade as actividades no seu conxunto. Daríanse a coñecer os resultados dos traballos e a concienciación da situación de inxustiza que deben soportar algunhas persoas pola súa condición sexual. Sería fundamental realizalo nun clima de respecto e diálogo. Ao final do terceiro trimestre sería bo momento para levar a cabo a cuarta actividade. Tras ela poderíase utilizar unha enquisa para valorar o programa de modo global, cos seus acertos e erros, así como os progresos realizados e propostas de continuidade no futuro. Os rexistros de observación do proceso tamén se utilizarían como instrumento principal de avaliación.

Para finalizar a exposición dos traballos, dous vídeos servirían de colofón:

El sueño imposible, baseado nun relato de Tina Jorgenson sobre a vida diaria dunha muller que leva sobre as súas costas a responsabilidade do traballo diario e o coidado da familia (Comisión de Derechos Humanos de la Organización de Naciones Unidas, 2008);

Tengo dos padres, un vídeo dun adolescente que interpreta unha canción sobre o feliz que se sente no seno dunha familia homoparental (Uphoff, 2011).

6- Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

“Construír un mundo sen etiquetas, no que mulleres e homes estean ao mesmo nivel, con o seus dereitos e liberdade” (Amelia Barquín, 2016).

6-1 Organización do centro

O agrupamento de alumnas e alumnos nun mesmo espazo non garante un ensino xusto e igualitario. É vital ensinar a respectar o diferente e desfrutar da riqueza que ofrece a variedade.

Por iso será necesario:

- Favorecer a representación de mulleres e homes nos diferentes órganos e comisión de decisión e representación de xeito equitativo.
- Dar a coñecer ao conxunto da comunidade educativa o Plan de Igualdade coa elaboración e difusión dun tríptico resumo do mesmo.
- Empregar de forma consciente dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Empregar unha linguaxe coeducada en calquera documento, mural ou cartel Identificativo.
- Promover e informar ao profesorado, alumnado e familias de formacións en materia de igualdade.
- Vixiar que os espazos de lecer sexan ocupados de maneira equitativa, fomentando especialmente nos patios e nas canchas, grupos mixtos de xogo.
- Promover a presenza dunha comisión formada polas Titoras/es, Departamento de Orientación e a Dirección do centro, para vixiar as actividades desenvolvidas e avaliar os seus logros.

6-2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

“Os estereotipos limítanos e xeran frustración”

Por iso será necesario un:

- Compromiso por parte do profesorado do Centro na revisión das programacións didácticas e do material empregado nas respectivas áreas dunha linguaxe non

sexista: inclusión da linguaxe inclusiva e non sexista, de valores, normas, imaxes, personaxes relevantes por cada ámbito de saber.

-Realizar actividades e materiais de información e de sensibilización na aula sobre a igualdade de oportunidades e de xénero.

Participación das familias no uso da linguaxe e da conduta coeducada.

- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade do trato e a non discriminación.

- Realizar periodicamente formación para os docentes en coeducación e estratexias para favorecer a educación en igualdade de xénero.

-Seleccionar materiais escolares, libros de texto, recursos pedagóxicos e proxectos educativos non sexistas.

6-3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo e Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Eliminación dos prexuízos, estereotipos e roles en función do sexo, construídos segundo os patróns socio-culturais de conducta asignados a mulleres e homes, con fin de garantir tanto para as alumnas como para os alumnos, posibilidades de desenvolvemento persoal integral.

- A integración de saber das mulleres e da súa contribución social e histórica ao desenvolvemento da humanidade, revisando, no seu caso, e corrixindo os contidos que se imparten.

- A incorporación de coñecementos necesarios para que alumnos e alumnas se fagan cargo das súas actuais e futuras necesidades e responsabilidades relacionadas co traballo doméstico e do coidado das persoas.

- A capacitación do alumnado para que a elección das opcións académicas se realice libre de condicionamentos baseados no xénero.

- A prevención da violencia contra as mulleres, mediante o aprendizaxe de métodos non violentos para a transformación de conflitos e de modelos de convivencia baseados na diversidade e no respecto aos dereitos e oportunidades de mulleres e homes.

- Realizar un uso inclusivo das imaxes e a linguaxe, que garante unha imaxe plural de ambos sexos ao marxe de roles e estereotipos de xénero.
- Garantir unha orientación académico profesional non sexista
- Incluír a igualdade dentro do currículo oculto do currículo manifesto.
- Incorporar a diversidade en todas as súas formas. Atendendo a que as diferenzas que atopamos nos centros, non se refiren unicamente ao sexo e a xénero, tamén están a clase social, a cultura, o país de orixe, a relixión, a opción sexual, etc. Abordando la práctica educativa desde la coeducación, garantiamos a atención a cada unha destas diferenzas evitando as desigualdades.
- Promover un uso equitativo dos recursos dos espazos.
- Previr a violencia contra as mulleres e promover o bo trato. A violencia é un compoñente estrutural das nosas sociedades desiguais, por iso é necesario ser críticas e críticos coas relacións baseadas en esquemas patriarcais de dominio e submisión, educando nos bos tratos, dende a ética e a xustiza.

7- Seguimento e avaliación

Á hora de levar a cabo o proceso de avaliación deste plan, hai que ter en conta o carácter formativo do mesmo, as diversas concepcións existentes, os momentos, así como o factor humano que o engloba, por iso a avaliación terá en conta o interese e a capacidade de colaboración do alumnado e profesorado para emprender un proxecto de investigación e o respecto cara ás cuestións plantexadas.

A avaliación é un instrumento de intervención educativa moi importante, xa que nos permite obter información acerca do proceso de ensino-aprendizaxe. Os informes de avaliación, basearanse en medir a aprendizaxe acadada, completando uns ítems en función dos obxectivos e contidos marcados para cada trimestre.

BIBLIOGRAFÍA

LA PROMOCIÓN DE LA IGUALDAD Y EL RESPETO DE LA DIVERSIDAD AFECTIVO-SEXUAL: BASES DE UN PROGRAMA DE ORIENTACIÓN Y TUTORÍA PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

Sofía Díaz de Greñu Domingo, José Luis Parejo Llanos Universidad de Valladolid

LAS ACTITUDES DEL PROFESORADO ANTE LA COEDUCACIÓN. PROPUESTAS DE INTERVENCIÓN

Xavier Bonal, Barcelona Graó 1997

RECETAS PARA EDUCAR

Carolyn Meeks E. Medici

II PLAN DE COEDUCACIÓN PARA EL SISTEMA EDUCATIVO VASCO, EN EL CAMINO HACIA LA IGUALDAD Y EL BUEN TRATO 2019-2023

EI PLAN DE COEDUCACIÓN 2017-2021 para los centros y comunidades educativas de Navarra